

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 22 DE MAIO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintedous de maio de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 15 de Maio do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **CONDICIÓNS URBANÍSTICAS**

Vista a solicitude de dona **Marina Martínez Fernández** con domicilio na rúa Ramal, Francelos, na que interesa informe urbanístico aplicable a un inmovible sito na estrada de Filgueira (Ref.. Catastral 00.15.6-09), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 22.05.06, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle Francelos Travesía, aprobado no pleno de 2 de novembro de 1993.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

1. Na parcela con Ref. C. 00.15.6-09, existen varias construcións situadas Fora de Ordenación, según tipifica o Art. 103 da LOUGA.

2. O planeamento urbanístico anterior non axustado á LOUGA, establece na súa clasificación do solo:
  - a. Urbano, regulado por a Ordenanza UMA-III, 14.2
  - b. Urbano, regulado por a Ordenanza UMB-II. Sen que esta ordenanza teña regulado en forma precisa o seu acceso a través da de Grado A.
  - c. Ambas ordenanzas requirirán da súa correspondente harmonización.
3. No parcelario actual difire notablemente respecto ás alienacións establecidas, o que requirirá dun expediente de reversión, coa súa correspondente modificación de rasantes, así como resolver de forma xeneral os aproveitamentos en UMB-II, necesidades que non contempla o planeamento actual por non estar adaptado á lexislación urbanística vixente.
  - a. Consecuentemente, é un Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano non Consolidado, por as razóns expostas.
4. Se estará ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orden Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RE nº 1187.
5. Axúntase co presente informe:
  - a. Plano E.D. , E 1: 500
  - b. Plano Catastral.
  - c. Ordenanzas UMA e UMB”.

#### **CEMITERIOS.-**

“ Habéndose advertido un erro no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2006, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda deixar sen efecto o acordo adoptado e que de seguido transcríbese: “Visto o escrito presentado por **dona Laura Travieso Lorenzo**, con domicilio en Laxas, nº 17, Francelos, Ribadavia, de data 25.01.06, no que solicita o cambio do nome nos recibos por existir un erro no nome, axuntando informe do encargado do cemiterio ao respecto.

Visto o informe do encargado do cemiterio, de 20.01.06, no que se sinala que facendo as comprobacións oportuna comprobouse que existe un erro, polo que debe procederse o cambio do nome no recibo do prezo público pola sepultura terrea nº 50, que pasaría de Josefa Alonso Rodríguez a Josefa Lorenzo Alonso, sendo os lindantes Manuel Travieso, a súa esquerda mirando de fronte, e Carmen Casanovas Blanco, a súa dereita.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda acceder ao cambio solicitado en base ao informe do encargado do cemiterio municipal, corrixiendo o erro existente no recibo do prezo público da sepultura terrea nº 50, que pasaría de Josefa Alonso Rodríguez a Josefa Lorenzo Alonso.”

“Habéndose advertido un erro nun acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 18 de xaneiro de 1999, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda rectifica-lo quedando do seguinte xeito: “Visto o escrito de Dona Lucinda Domínguez Chousal, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Progreso nº 30, 1º esquerda, no que interesa o cambio de titularidade da sepultura terrea nº 289T do cemiterio municipal que ata agora estaba a nome de Don Vicente Gándara Veloso, e que no sucesivo se lle xiren os recibos correspondentes o seu nome, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, tendo en conta a autorización do anterior titular, acorda acceder ó solicitado, polo que a partir de presente data a devandita sepultura xirará a nome de Dona Lucinda Domínguez Chousal, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

“Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de maio pasado, a Xunta de Goberno Local, acorda rectifica-lo quedando o acordo do seguinte xeito: “Visto o escrito de Don Jesús Rodríguez Amil, veciño desta Vila, con domicilio en Portalaxe, Francelos, no que interesa se lle xire o recibo correspondente a unha sepultura terrea sita no segundo socalco do cemiterio municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó pero recordándolle que tal acordo non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Ribadavia, relativo a dilixencias previas 196/2006” comunicando auto de arquivo.”

-“Da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural, remitindo comunicación de finalización das obras denominadas “ Mellora das infraestructuras rurais nas comarcas do Ribiero é O Carballiño”.

-“Do Tribunal Superior de Xustiza, Sala do Social, comunicando Sentencia do recurso núm.. 4665-03 ESF, relativa a demanda do Instituto Nacional da Seguridade Social contra o Don José Benito Gómez Lojo, traballador municipal”.

- “Da Mancomunidade I.V. de Concellos do Ribeiro, remitindo liquidación relativa a servizos realizados polos vehículos motobombas, palas da mancomunidade, desbrozadoras e camiós multifilt no período 01-01-06 ó 30-04-06”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **EXPEDIENTE RELATIVO A SUBMINISTRACION DUN TRACTOR DESBROZADOR CON REMOLQUE PARA O CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes e documentación obrante no expediente, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o Prego de cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer a subministración, mediante concurso dun tractor desbrozador con remolque para o Concello de Ribadavia, o cäl achase no expediente, e que ten as seguintes características:

#### **CADRO DE CARACTERISTICAS DE CONTRATO:**

- 1.- Obxecto: Subministración dun tractor desbrozador con remolque de acordo co prego de cláusulas técnicas obrantes no expediente.
- 2.- Prezo da licitación: 87.670,00 euros/ano IVE incluído.
- 3.-Financiación: Aportacións da Consellería de Medio Ambiente de Densenvolvemento Sostible o abeiro de Convenio asinado con data 8-05-06.
- 4.-Lugar de presentación de ofertas: Concello de Ribadavia.
- 5.-Prazo de presentación de proposicións: quince días naturais a contar do día seguinte ó de publicación do anuncio no BOP, en horas de nove a catorce horas.
- 6.-Garantía provisional: Non se esixe.
- 7.-Garantía definitiva: 4% do importe de adxudicación.
- 8.- Gastos do concurso: cláusula 21ª do Prego.
- 9.-Revisión de prezos: cláusula 18ª do Prego.
- 10.-Criterios de adxudicación do concurso: Cláusula 14ª do Prego.
- 12.- Apertura de plicas: As 12 horas do primeiro día seguinte hábil (agás os sabados) a aquel no que termine o prazo de presentación de ofertas.

Outros datos:

Información teléfono: Concello de Ribadavia, Praza Maior nº 4. Tfno. 988477100. Fax 988477101.

Lugar onde se poden obter copias do prego: Concello de Ribadavia.

### **ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACION EN REXIME DE CONCESION ADMINISTRATIVA DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E RECOLLIDA SELECTIVA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTON DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

“Visto o estado procedimental no que se atopa o expediente de contratación en réxime de concesión administrativa dos servizos de recollida de residuos sólidos urbanos e recollida selectiva monomaterial de papel cartón do Concello de Ribadavia.

Resultando que durante o prazo hábil aberto a tal fin, presentáronse as seguintes proposicións:

“ESTEVEZ CONTAINER ORENSANOS S.L.(ESCOR S.L.)”

“CONGALLE S.L.”.

Vistas as bases do concurso, en particular a base XII, e a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación a favor de CONGALLE S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Declara válido o acto de licitación.

2º.- Adxudicar o concurso para a contratación en réxime de concesión administrativa dos servizos de recollida de residuos sólidos urbanos e recollida selectiva monomaterial de papel-carton a empresa **CONGALLE S.L.**, con domicilio no Polígono Barreiros c/ nº 12, San Cibrao de Viñas (Ourense) por resultar a oferta máis vantaxosa para o Concello, sendo o importe de adxudicación de 84.653,64 euros e melloras que de adxuntan na oferta presentada pola empresa..

3º.- Comunicar ó adxudicatario que deberá proceder a constitución da garantía definitiva por importe de 3.500 euros no prazo de 15 días naturais seguintes a notificación da adxudicación.

4º.- Comunicar ó adxudicatario, que previa constitución da garantía definitiva, deberá procederse a formalización do contrato no prazo de 30 días naturais seguintes a notificación da adxudicación.

5º.- Proceder a publicación do acordo de adxudicación no BOP de conformidade co disposto no artigo 93 do RD Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

6º.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario, así como os licitadores non adxudicatarios aos que se lle deberá devolver a garantía provisional constituída ao efecto.”

#### **ADSCRIPCION PROGRAMAS COMUNITARIOS.-**

Tendo en conta a xestión por parte do Concello do Programa Interreg III A Cooperación Transfronteriza\_España-Portugal, proxecto Enoturismo /SP1.E182/03, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda modificar a adscripción do persoal quedando do seguinte xeito:

Programa Equal, "Avia Crea Futuro", proxecto 353 a Dona Sonia Couso Fernández. A adscripción será dende o 1 de xaneiro de 2006 e nun porcentaxe do 75%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.

Programa Interreg III A Cooperación Transfronteriza\_España-Portugal, proxecto Enoturismo /SP1.E182/03 a Dona Sonia Couso Fernández. A adscripción será dende o 1 de xaneiro de 2006 e nun porcentaxe do 25%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.

Programa Equal, "Avia Crea Futuro", proxecto 353 a Don Francisco Javier Pérez Martínez. A adscripción será dende o 1 de xaneiro de 2006 e nun porcentaxe do 75%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.

Programa Interreg III A Cooperación Transfronteriza\_España-Portugal, proxecto Enoturismo /SP1.E182/03 a Don Francisco Javier Pérez Martínez. A adscripción será dende o 1 de xaneiro de 2006 e nun porcentaxe do 25%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.